




**1. EMPRAZAMENTO**




**DATOS XERAIS**

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Pontevedra. Municipio: Poio. Parroquias: San Roque de Combarro. Extensión: 0,29km<sup>2</sup>.

## 2. CARACTERIZACIÓN

### ELEMENTOS NATURAIS



#### AS FORMAS DO RELEVO

Unidade insular de perfil costeiro regular, con predominio das paredes acantiladas baixas de natureza granítica, pero que alberga un areal na súa fachada nororiental, a praia de Area da Illa. A vertente presenta unha pendente moderada en todo o seu perímetro até o cume situado a 81m sobre o nivel do mar.

#### AS UNIDADES LITOLÓXICAS

O conxunto da unidade correspóndese co Dominio dos granitos de feldspato alcalino, clasificadas como rocas ígneas con afinidade alcalina. Non existen depósitos cuaternarios destacables.

#### A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Illa de clima homoxéneo caracterizado por unha temperatura media anual por encima de 15°C e precipitacións medias acumuladas de 1200mm a 1400mm. A oscilación térmica alcanza valores medios entre 12,5°C e 13,5°C. Ambiente climático Cálido e Húmido.

#### OS SOLOS

Dominio dos chans pouco evolucionados en toda a unidade insular, fundamentalmente umbrisois e leptosois líticos. No perímetro costeiro abundan os afloramentos rochosos en superficie e ao norte en Area da Illa localízase o único enclave de areosois.

#### AS AUGAS

O escaso desenvolvemento continental desta unidade restrinxe a súa rede hidrográfica a pequenas valgadas que canalizan de maneira temporal as augas de escorrentía. A illa atópase inmersa nas masas de Augas Costeiras do interior da Ría de Pontevedra (20154).

#### O PATRIMONIO NATURAL

Unidade insular con costa rochosa acantilada e cun pequeno sector de dunas en Area da Illa. Aparece así o hábitat 1230, cantís mariños atlánticos e praias de cantos, e o 1210, vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados, nas praias de cantos e plataformas que se estenden por gran parte da súa costa. A praia posúe un pequeno sector dunar moi degradado (potencialmente o grupo 21 de dunas marítimas atlánticas). No interior non conta con masas arbóreas autóctonas de interese.

### ELEMENTOS ANTRÓPICOS



#### USOS DO SOLO

Coa chegada da escola naval de Marín en 1943 a illa será utilizada como arsenal e almacén de pólvora até o ano 2002, que deixa de ser clasificada como enclave estratéxico. Hoxe en día a illa está cuberta de arboredo, especialmente eucalipto. No litoral costeiro da illa está formado por paredes acantiladas baixas con dous embarcadoiros e dúas praias, Area da Illa e Adreirá. As únicas edificacións existentes son as instalacións do faro a Igrexa mosteiral dedicada a San Miguel e algunha instalación militar.

#### MORFOLOXÍA

Non existe unha conexión na morfotopoxía das edificacións existentes debido a que as únicas edificacións son as instalacións do faro, a Igrexa mosteiral dedicada a San Miguel e as ruínas dunha antiga leprosería no interior da illa. Quedan tamén na costa norte varias casas e algunha barraca, vestixio de antigos asentamentos de xentes que proviñan da veciña parroquia de Combarro.

#### INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Existen dous pequenos peiraos na illa, unha zona sur que dá acceso ao faro situado nunha pequena península e o outro próximo á praia de Adreirá. Deste último parte un camiño de terra que, bordeando a costa, dá acceso á praia de Area da Illa e ás construcións que alí se atopan, seguindo o seu percorrido un pouco máis alá até uns barracóns existentes na zona norte.

#### PATRIMONIO HISTÓRICO

Na Idade Media construíuse o mosteiro beneditino de Santa María de Graza fundado por San Fructuoso, que se foi derruído co paso dos séculos e do que queda aínda en pé a antiga igrexa mosteiral dedicada a San Miguel e a magnífica fonte. O devandito mosteiro foi destruído polos ataques do pirata Francis Drake. En canto ao patrimonio arqueolóxico descubríronse varios achados illados, como un núcleo de Sílex nas proximidades do faro. A existencia dun Castro nas cotas máis altas da Illa e un depósito na praia de Area da Illa onde se atopou un Muíño navicular.



**O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL**

A Illa de Tambo, situada no medio da Ría de Pontevedra, conta cunha superficie de 28 hectáreas e alcanza os 80 metros de altitude no Monte San Facundo. É ovalada e ten unha típica forma piramidal. Ten un marcado carácter natural no que destaca a súa costa de cantís baixos e as súas praias que se manteñen case intactas debido a que até fai poucos anos non estaba autorizado achegarse a menos de 200 metros de a illa.

**DINÁMICA DA PAISAXE**

O máis apreciable en canto á dinámica da paisaxe da Illa é o aumento de árbores de repoboación, que a mediados de século pasado só cubrían unha pequena parte e na actualidade se estenden por toda a súa superficie.



**RISCOS E IMPACTOS**

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

**3. AVALIACIÓN**

**VALORACIÓN DA PAISAXE**

A Illa de Tambo dota á ría de Pontevedra dun espazo natural cun altísimo valor dende o punto paisaxístico cheo de beleza e singularidade. Debido ás dificultades de acceso se non se posúe unha embarcación, recoméndase a súa observación dende o punto máis próximo a ela, dende Punta Vixia pertencente á unidade de Costa Samieira. O miradoiro de Cotorredondo na comarca de O Morrazo ofrece amplas panorámicas que axudan a comprender as paisaxes das rías de Pontevedra e Vigo.





#### 4. PLANIFICACIÓN

##### OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

##### ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

##### ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

#### Lenda / Leyenda

##### Usos do solo / Usos del suelo

- |   |  |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais                                |  Matogueiras / Matorrales   |
|  Marismas / Marismas   |  Cultivos e prados / Cultivos y prados                              |
|  Praias / Playas   |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas   |  Viñedos / Viñedos  |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros                  |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico                   |
|  Cantis / Acantilados  |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación                  |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera                                    |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas            |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos                                     |  Outras masas de auga / Otras masas de agua                         |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera                                      |  Canteira / Cantera   |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos   |  Artificial / Artificial  |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización                       |  |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo |  |

##### Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

##### Hidrografía / Hidrografía

##### Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





##### Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

##### Batimetría / Batimetría

- |   |   |  |   |   |
|---|---|--|---|---|
|  0 m   |  -20 m |  -100 m |  -500 m  |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

##### Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

##### Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

##### Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

##### Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29  
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29





